

# Quince editoriais acadan obras finalistas nos Premios Gala do Libro Galego

O 9 de maio coñeceranse os gañadores no evento a celebrar en Santiago

📅 4/3/2020 / 👤 Santiago. Redacción

Compartir:

A Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), e a Federación de Librarías de Galicia



(FLG) convocan a quinta edición dos Premios Gala do Libro Galego, e presentan unha lista cos nomes de finalistas en cada unha das categorías, xurdidos, en primeira instancia, das propostas das bases asociativas das tres entidades convocantes, para posteriormente seren sometidas a un proceso de revisión e posterior fallo por parte dun xurado externo. Os nomes gañadores destas distincións, sen dotación económica, coñeceranse nunha gala a celebrar o sábado 9 de maio de 2020 no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Con estes premios preténdese recoñecer a excelencia do traballo realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2019 en Galicia. As modalidades Iniciativa cultural ou de fomento da lectura, Proxecto literario na rede e Xornalismo cultural, recoñecen a traxectoria de varios anos, valorándose, polo tanto, a constancia ao longo do tempo nestes ámbitos.

Na distribución por editoriais das obras finalistas este ano queda moi repartido. Ata quince editoriais diferentes teñen libros finalistas nas doce categorías de obras editadas, Edicións Xerais, con 9 finalistas encabeza a lista de máis candidaturas, seguida de Galaxia Editorial (7) e Kalandraka Editora (6). Na diversa lista de editoriais tamén é de destacar que a moi recentemente creada editora Cuarto de Inverno coloca cinco obras como finalistas nas candidaturas. Os xornalistas Anxo Quintela, César Lorenzo, Daniel Salgado e María Yáñez son os finalistas do premio correspondente á profesión, mentres que no caso dos proxectos literarios en rede Biosbardia, de César Lorenzo; Kalandraka TV e Lecturafilia, de Tensi Gesteira son os que aparecen na lista finalista.

## **FINALISTAS**

### **PREMIOS OBRAS EDITADAS EN 2019**

#### **Ensaio e investigación**

*Construtor da nación. Tomo I. 1886-1930*, de Miguel Anxo Seixas Seoane (Editorial Galaxia/Consortio de Santiago)

*Dentro da literatura*, de Suso de Toro (Edicións Xerais de Galicia)

*Educar a través da arte. Cara a unha escola imaxinada*, de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia (Kalandraka Editora)

#### **Divulgación**

*A que cheiran as cores? A esperada guía para coñecer o cerebro*, de Juan Casto Rivadulla Fernández (Editorial Galaxia)

*Ferreñas e Rock and Roll*, de Laura Romero e Iria Pedreira (Baía Edicións)

*Guadi Galego, pola beira da canción*, de Pepe Cunha (Edicións Embora)

#### **Narrativa**

*Carrusel*, de Berta Dávila (Editorial Galaxia)

*Infamia*, de Leticia Costas (Edicións Xerais de Galicia)

*Os días felices de Benvido Seixas*, de Eduard Velasco (Edicións Xerais de Galicia)

*Seique* (2ª ed. ampliada), de Susana Sanches Arins (Através Editora)

#### **Infantil**

*A tartaruga Amodovou*, de Paula Carballeira (Oqueleo)

*Bicos e non balas*, de Antonio García Teijeiro (Editorial Galaxia)

*Conexión Macarrón*, de Leticia Costas (Edicións Xerais de

Galicia)

, de Antonio García Teijeiro e J.C. Martín Ramos

(Kalandraka Editora)

### **Xuvenil**

*Be Water*, de Antía Yañez (Cuarto de Inverno)

*Irmá paxaro*, de Tamara Andrés (Cuarto de Inverno)

*O asasinato da profesora de xeografía*, de PereTobaruela  
(Edicións Embora)

*Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira (Edicións Xerais  
de Galicia)

### **Libro ilustrado**

*Irmá paxaro*, de Tamara Andrés, ilustracións de María  
Montes (Cuarto de Inverno)

*Os camiños do vento*, de Xavier Estévez, ilustracións de  
Xosé Cobas (Edicións Xerais de Galicia)

*Teño dereitos*, de Miguel Robledo (Aira Editorial)

### **Libro de banda deseñada**

*A chaira*, de Antonio Seijas (Alita Cómics Editorial)

*Aprende banda deseñada con Fiz*, de Kiko da Silva  
(Edicións Xerais de Galicia)

*O bichero IX. Run is life*, de Luis Davila (Editorial Luis  
Davila)

### **Iniciativa bibliográfica**

*Construtor da nación. Tomo I. 1886-1930*, de Miguel Anxo  
Seixas Seoane (Editorial Galaxia)

Colección Pan de abella, VV. AA. (Apiario)

Serie *Animais Extraordinarios*, de Xulio Gutiérrez, Nicolás  
Fernández (Faktoría K de libros)

### **Tradución**

*Frankenstein ou o Prometeo moderno*, de Mary

Shelley/Tradución de Samuel Solleiro (Aira Editora)

*O conto da criada*, de Margaret Atwood/Tradución de

Celia Recarey e Carlos Valdés (Irmás Cartoné)

*O tatuador de Auschwitz*, de Heather Morris/Tradución de María Alonso Seisdedos (Edicións Xerais de Galicia)

*Pippi Mediaslongas nos mares do sur*, de Astrid

Lindgren/Tradución de David A. Álvarez (Kalandraka Editora)

### **Poesía**

*Feliz Idade*, de Olga Novo (Kalandraka Editora)

*Irmá paxaro*, de Tamara Andrés (Cuarto de Inverno)

*Un libre favor*, de Chus Pato (Editorial Galaxia)

### **Teatro**

*Atranco no banco*, de Manuel Núñez Singala (Editorial Galaxia)

*Citizen*, Grupo Chévere (Kalandraka Editora)

*Somos os monstros*, de Paula Carballeira (Edicións Xerais de Galicia)

### **Libro mellor editado**

*Atlas da Galicia pequena*, de César Cequeliños e Jorge Campos (Aira Editorial)

*Fosforescencias*, de Lupe Gómez/Ilustracións de Anxo Pastor (Alvarelos Editora)

*Irmá paxaro*, de Tamara Andrés (Cuarto de Inverno)

### **PREMIOS ÁS TRAXECTORIAS**

#### **Iniciativa cultural ou fomento da lectura**

21 días co galego

Club de Lectura AA.VV. das Atochas-Montealto

Libraría Chan da Pólvora

Poemagosto de Allariz

#### **Proxecto literario na rede**

Biosbardia- César Lorenzo

Kalandraka TV

Lecturafilia- Tensi Gesteira

## **Xornalismo cultural**

Anxo Quintela

César Lorenzo

Daniel Salgado

María Yáñez